

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓN DE PERSOAS XORDAS DE GALICIA (FAXPG) PARA GARANTIR UNHA ATENCIÓN INTEGRAL ÁS MULLERES XORDAS QUE SOFRAN VIOLENCIA DE XÉNERO.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Loita contra a Violencia de Xénero da Consellería de Política Social e Igualdade, DECLARA

Que a Consellería de Política Social e Igualdade ten previsto formalizar o instrumento convencional arriba referido, por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.

Que o convenio ten por obxecto establecer as bases reguladoras e as condicións que rexerán a colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia para contribuír a mellorar a atención ás mulleres xordas e xordo-cegas que sofren violencia de xénero en Galicia, coa posta en marcha dun servizo de intérpretes en lingua de signos dende o momento de presentación da denuncia, así como apoiar a formación das e dos profesionais que traballan neste eido.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A violencia contra as nenas e as mulleres con discapacidade presenta características comúns co resto de mulleres, pero tamén ten características específicas, polo que é preciso articular as ferramentas axeitadas de cara a dar resposta ás súas necesidades específicas, como é o caso das mulleres xordas e xordo-cegas, de cara a súa plena integración e participación en todos os ámbitos da sociedade.

A Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG) é unha entidade sen ánimo de lucro, formada por 7 Asociacións, sede nas sete grandes cidades, que atenden as demandas do colectivo de persoas xordas nas áreas de servizos sociais, educación, atención psicolóxica, emprego, Servizo de Intérpretes de Lingua de Signos Española, ensino da Lingua de Signos Española, etc.

A Consellería de Política Social e Igualdade de cara a mellorar a situación das mulleres deste colectivo que padecen situacións de violencia de xénero, estima conveniente asinar un convenio



coa Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia dado que reúne as condicións para o desenvolvemento de accións de que garantan unha atención integral ás mulleres xordas que sufran violencia de xénero, en Galicia, tales como poder contar cun servizo de intérpretes no momento de presentación da denuncia e organizar formación específica dirixida a profesionais.

De conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, estímase xustificada a non procedencia de promover a concorrència pública, e as razóns de interese público, social e humanitario, para os efectos da subscripción deste convenio, posto que a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia é a entidade que pola súa experiencia, dimensión, capacidade, implantación no territorio da Comunidade Autónoma dispón dos e das profesionais e medios suficientes para desenvolver axeitadamente o programa.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público que os exclúe expresamente no seu artigo 6.1 ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

O director xeral de Loita contra a Violencia de Xénero

Roberto Barba Alvedro

